

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 30 DE AGOSTO DE 2005

Punto único.- Adopción de acordos relativos á solicitudes de subvención para obras e equipamentos de carácter cultural e deportivo, así como de actividades de promoción económica, ao abeiro das Bases da convocatoria da Deputación Provincial (BOP nº 185, de 13-0-2005).

Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha subvención para infraestruturas e equipamentos en materia de promoción económica cun importe de 60.503,04 € que se adicará ao proxecto para a ampliación da nave para a formación ocupacional no Centro Municipal de F.O. de Aríns. Coa ampliación destas instalacións e equipamentos municipais preténdese incidir na inserción laboral de persoas en risco de exclusión, e apoiar a igualdade de oportunidades mediante a posta en marcha de programas de formación ocupacional.

Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha subvención para infraestruturas e equipamentos culturais cun importe de 55.354,04€ co obxecto da rehabilitación do Centro Sociocultural de “A Peregrina”.

Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha subvención para infraestruturas e equipamentos culturais cun importe de 73.918,76€ que se adicará á remodelación e dotación de infraestruturas do espazo municipal denominado ALA SUR DO MUSEO DO POBO.

Acórdase solicitar á Delegación da Coruña unha subvención para infraestruturas e equipamentos deportivos cun importe de 55.758,41€ para a instalación de alumeado en San Lázaro. Co obxectivo de obter unha maior rendibilidade social, derivada do maior uso en horario nocturno, trátase de facer a instalación de alumeado no Campo de Fútbol de San Lázaro II.

Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha subvención para infraestruturas e equipamentos deportivos cun importe de 115.554,50€ co obxecto de construír unha pista deportiva ao aire libre en Salgueiriños xa que se trata dunha zona de alta expansión económica que non dispón de instalacións deportivas.